



## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 30 DE NOVEMBRO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día trinta de novembro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguineo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1º. Aprobación, se procede, dos borradores das actas da sesión extraordinaria e urxente do día 19 de novembro de 2021, da sesión extraordinaria e urxente do día 22 de novembro de 2021 e da sesión ordinaria do día 23 de novembro de 2021**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 19 de novembro de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguineo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e dona María Dolores Pan Lesta) aprobou o citado borrador.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 22 de novembro de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, dona Lúa Sanguineo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 23 de novembro de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

## 2º. Boletíns e correspondencia

- Anuncio do 10 de novembro de 2021, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, polo que se notifican os acordos de incoación de expedientes sancionadores por incumprimento das medidas de prevención e contención en materia sanitaria do Concello de Cambre (expediente SCOVID/CAMBRE/0160 e dezaoto máis). (Diario Oficial de Galicia número 226, do 24 de novembro de 2021).
- Orde do 25 de novembro de 2021, da Consellería de Sanidade, pola que se prorroga e se modifica a Orde do 22 de outubro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 227-Bis, do 25 de novembro de 2021).
- Orde do 25 de novembro de 2021, da Consellería de Sanidade, pola que se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 228-Bis, do 26 de novembro de 2021).
- Anuncio do Servizo de Xestión de Plans, Sección de Plan Provinciais da Deputación Provincial da Coruña, de aprobación das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2022. (Boletín Oficial da Provincia número 228, do 30 de novembro de 2021).
- Resolución núm. 46236/2021, de data 23 de novembro, da Presidencia da Deputación da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do programa de subvencións dirixido a concellos para a realización de festivais de arte pública urbana na modalidade de pintura mural durante o ano 2021. (Boletín Oficial da Provincia número 228, do 30 de novembro de 2021).

## 3º. Expedientes de contratación

### **Único. Proposta de prórroga na execución da obra “Mantemento de camiños municipais no termo municipal de Cambre”. Expediente 2021/C003/000003**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 25 de novembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data 31 de agosto 2021 a Xunta de Goberno Local acordou a adxudicación da obra “Mantemento de camiños municipais no termo municipal de Cambre” á empresa Arias Infraestructuras, S.L. e con data de 03 de setembro de 2021 formalizouse o contrato administrativo para a execución da obra de referencia.

Con data 21 de setembro de 2021 a Xunta de Goberno Local aprobou o Plan de Seguridade e Saúde, presentado polo contratista adxudicatario, segundo establece a cláusula 18.2 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o presente contrato.

Con data 29 de setembro de 2020 redáctase a acta de comprobación de replanteo.

Con data 05 de outubro de 2021 a Xunta de Goberno Local aprobou o Plan de Xestión de Residuos e o Plan de Traballo, presentado polo contratista adxudicatario, segundo establece a cláusula 18.2 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o presente contrato.

Tendo en conta que o prazo para a execución contractual é de dous meses, que comezarán a contar desde o día seguinte á sinatura da acta de comprobación de replanteo, a data de finalización establécese inicialmente no 30 de novembro do 2021

Visto que o día 23 de novembro de 2021, con número de rexistro 202199900006404 a empresa adxudicataria das obras solicita unha ampliación do prazo de execución das obras, por un mes, alegando problemas debido ao atraso na subministración de materiais provocado pola situación xeral actual e afeccións non previstas xurdidas durante o desenvolvemento dos traballos.

Tendo en conta o disposto na cláusula 32 do prego de cláusulas administrativas particulares, que establece a posibilidade de prórroga debido ao atraso na execución producido por motivos non imputables ao contratista, se este se ofrece a cumprir o seu compromiso na prórroga de tempo que lle sinale o órgano de contratación.

Visto o informe favorable emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, con data do 24 de novembro de 2021, no que considera xustificadas os motivos alegados pola empresa e propón que se conceda prórroga dun mes, quedando así establecida como data de finalización o próximo 30 de decembro de 2021.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Acordar a prórroga dun mes, ata o próximo 30 de decembro de 2021, na execución da obra "Mantemento de camiños municipais no termo municipal de Cambre". Expediente 2021/C003/0000003.

**Segundo:** Notificar á empresa adxudicataria e á coordinadora de seguridade e saúde, facéndolles saber que, por se tratar dun acto de trámite, non cabe recurso, todo isto de acordo cos artigos 114 e concordantes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

**Terceiro:** Notificar ao responsable do contrato, para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

#### **4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes danse por informados da relación das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 19 ao día 25 de novembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 2040/2021 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 2094/2021, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
2040/2021	19-11-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 23 de novembro de 2021
2041/2021	19-11-2021	Reposición legalidade urbanística pola execución de obras en Quintán, Cecebre, consistentes na construción dun muro de formigón de contención de terras; un peche na parte superior do antedito muro de



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		formigón e a existencia de acopios de materiais diversos na marxe do camiño publico municipal 1c.10492. Titular: F.A.R.
2042/2021	19-11-2021	Concesión axuda emerxencia social alimentación a M.L.B. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
2043/2021	19-11-2021	Aprobación do padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de agosto de 2021
2044/2021	19-11-2021	Resolución que aproba a lista provisional de admitidos/as excluídos/as ao Concurso para a selección dun administrativo interino e creación de relación de candidatos para nomeamentos de administrativos interinos
2045/2021	22-11-2021	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 22 de novembro de 2021
2046/2021	22-11-2021	Concesión axuda emerxencia social alimentos a G.I.C. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
2047/2021	19-11-2021	Reclamación por exceso nos recibos 4352/203, 4352/204 e o 4352/211 relativos á subministración de auga, rede de sumidoiros e depuración por presunta avaría na instalación
2048/2021	22-11-2021	Aprobación de facturas e certificación de obra POS+ 2020 Principal – Ampliación abastecemento e saneamento Graduil e A Pena
2049/2021	22-11-2021	Transporte metropolitano – Achega 2020 -2021
2050/2021	22-11-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 46.254,28 euros
2051/2021	22-11-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 13.290,43 €
2052/2021	22-11-2021	Concesión axuda emerxencia social alimentación a M.C.B.G. por un período de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
2053/2021	22-11-2021	Concesión axuda emerxencia social alimentación a M.L.L. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
2054/2021	22-11-2021	Aprobación de admitidos na XXIX Semana Micolóxica de Cambre 2021
2055/2021	22-11-2021	Concesión axuda emerxencia social alimentación a M.P.B.V. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
2056/2021	22-11-2021	Alta SAF J.L.R.T.
2057/2021	22-11-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 8.161,47 euros
2058/2021	22-11-2021	Contrato menor - Proxecto "FOGAR"
2059/2021	22-11-2021	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 25 de novembro de 2021
2060/2021	22-11-2021	Denegación axuda recibos de gas a A.M.S.L. por ter avalista no contrato de aluguer
2061/2021	22-11-2021	Fabricación e montaxe de canlón na cuberta do CEIP Wenceslao Fernández Flórez
2062/2021	23-11-2021	Resolución abono de nómina do mes de novembro
2063/2021	23-11-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 18.375,15 euros
2064/2021	23-11-2021	Decreto corrixido Nadal 2021
2065/2021	23-11-2021	Solicitude de subvención para o mantemento do servizo prestado pola axente de emprego e desenvolvemento local
2066/2021	23-11-2021	Subministración de equipamento locais xuvenís de ensaio musical



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

2067/2021	23-11-2021	Aprobación convenio promoción del baloncesto 2021
2068/2021	24-11-2021	Concesión subvencións municipais en réxime de concorrencia competitiva en materia de servizos sociais para o exercicio 2021.
2069/2021	24-11-2021	Devolución de aval por construción de vivenda unifamiliar sita en Aián, Cambre a D.D.C.M.
2070/2021	24-11-2021	Concesión a UFD Distribución Electricidad, SA, de licenza municipal para a instalación dun apoio e execución dunha canalización para proporcionar subministración de enerxía eléctrica para uso agrícola na finca sita no lugar de Fontenla, Cambre
2071/2021	24-11-2021	Concesión a J.L.G.N. licenza municipal para a reparación e pintado da fachada da vivenda unifamiliar sita no lugar de Apeadeiro, parroquia de Cecebre
2072/2021	24-11-2021	Actividade " Reencontrarse" dirixida ao programa municipal de lecer e diversidade funcional
2073/2021	23-11-2021	Non admisión a trámite da responsabilidade patrimonial presentada por dona M. P. G., na que solicita indemnización polas lesións sufridas nunha caída, segundo indica, ocasionada ao tropezar cunha barra rota do contedor sito na rúa Río Gándara, 2, A Barcala.
2074/2021	23-11-2021	Reposición legalidade urbanística por obras de reforma na vivenda , na construción auxiliar e actuacións diversas na parcela sita no lugar de Barreira (Cambre). Propiedade: M.C.B.V. e F.J.C.S.
2075/2021	24-11-2021	Reposición legalidade urbanística polas obras de reforma interior de vivenda illada en Sobrecarreira (Sigras). Titular: A.F.F.
2076/2021	24-11-2021	Liquidación do Imposto sobre o valor da produción da enerxía eléctrica do ano 2020.
2077/2021	25-11-2021	Devolución de aval da licenza para construción de vivenda unifamiliar na finca sita en Pousadoira (Brexo) a M.G.R. e A.M.P.S.
2078/2021	25-11-2021	Expediente de xeración de crédito 12/2021 Actuacións de legalización e recepción das obras da urbanización UE-25
2079/2021	25-11-2021	Licenza de segregación de finca sita no lugar O Canal (Cecebre) de 4.663 m <sup>2</sup> en tres parcelas de 757 m <sup>2</sup> , 713 m <sup>2</sup> e 3193 m <sup>2</sup> . Propiedade: A.R.A.
2080/2021	25-11-2021	Adquisición discos SSD para los pcs
2081/2021	25-11-2021	Multas - 99500000024350 Acordo inicio
2082/2021	25-11-2021	Resolución Alcaldía concesión anticipo dúas mensualidades á funcionaria de carreira
2083/2021	25-11-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 48.654,36 €
2084/2021	25-11-2021	Reposición legalidade urbanística polas obras realizadas na Mota, Cecebre, consistentes na construción dun novo volume; a modificación do peche da fronte da parcela, a construción de novos peches laterais e de dous muros de contención de terras, así como un recheos de terras. Titular: G.P.P. e M.C.L.L.
2085/2021	25-11-2021	Concesión axuda recibo de auga por importe de 48,06 euros e de gas por importe de 81,55 euros M.E.G.
2086/2021	25-11-2021	Concesión axuda dous recibos de aluguer por importe total de 780 euros a M.T.
2087/2021	25-11-2021	Concesión a UFD Distribución Electricidad, S.A., licenza municipal para executar unha canalización de 43 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de

		enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar de Outeiro, Brexo
2088/2021	25-11-2021	Alta SAF C.R.L.I.
2089/2021	25-11-2021	Alta SAF A.Q.F.
2090/2021	25-11-2021	Alta SAF C.C.G.
2091/2021	25-11-2021	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 26 de novembro de 2021
2092/2021	25-11-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 20.859,28 euros
2093/2021	25-11-2021	Aprobación de certificacións correspondente á obra "Mantemento de camiños municipais no termo municipal de Cambre" e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a factura por importe de 89.562,41 euros, así como o seu pagamento
2094/2021	25-11-2021	Resolución lista definitiva admitidos/excluídos concurso para a selección dun administrativo interino e creación de relación de candidatos para nomeamentos de administrativos interinos.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta de declaración de deserto do expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, para o contrato mixto de subministracións e servizos para o "Desenvolvemento da cabalgata infantil de Reis Magos a celebrar no Concello de Cambre no ano 2022". Expediente núm. 2021/C005/000015.

A urxencia da proposta é aprobada por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen á Xunta de Goberno Local.

**Único. Proposta de declaración de deserto do expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, para o contrato mixto de subministracións e servizos para o "Desenvolvemento da cabalgata infantil de Reis Magos a celebrar no Concello de Cambre no ano 2022". Expediente núm. 2021/C005/000015**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 29 de novembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o expediente de contratación incoado por acordo da Xunta de Goberno Local con data 9/11/2021 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), do contrato mixto de subministracións e servizos para o "Desenvolvemento da cabalgata infantil de Reis Magos a celebrar no Concello de Cambre no ano 2022" (expediente nº 2021/C005/000015), cun valor estimado de 87.249,60 euros e un orzamento base de licitación de 39.658,91 euros sen IVE. 47.987,28 euros IVE incluído.

Visto que, con data do 10 de novembro de 2021 publicouse o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei, de xeito que o prazo para a presentación de ofertas remataba o día 25 de novembro de 2021, ás 23:59 horas.

Visto o certificado emitido con data do 26 de novembro de 2021 pola secretaria accidental da Corporación co visto e prace da concelleira-delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, no que se indica que *“unha vez finalizado o prazo de presentación das proposicións, NON consta na Plataforma de Contratación do Sector Público a presentación electrónica de ningunha oferta”*

Visto o establecido polo artigo 150.3 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, que indica que non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Declarar deserto, por falta de licitadores, o contrato para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), do contrato mixto de subministracións e servizos para o “Desenvolvemento da cabalgata infantil de Reis Magos a celebrar no Concello de Cambre no ano 2022” (expediente 2021/C005/000015), ao non terse presentado ningunha proposición dentro do prazo de licitación establecido para o efecto, e que remataba o día 25 de novembro de 2021 ás 23:59 horas.

**Segundo:** Publicar o presente acordo no prazo de quince días no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 63.3 in fine da Lei de Contratos do Sector Público, que establece que *“serán obxecto de publicación no perfil de contratante (...) a declaración de deserto...”*

**Terceiro:** Notifíquese aos Departamentos de Cultura e Intervención Municipais, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente  
Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental  
Verónica María Otero López